

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

RESOLUCIÓN do 4 de febreiro de 2013, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se convocan probas de constatación da competencia profesional para o desempeño das funcións de xestor de transporte en empresas de transporte por estrada.

A Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, e o seu regulamento aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, establecen que para o exercicio das actividades de transportista de viaxeiros e mercadorías por estrada, de axencia de transporte de mercadorías, transitario e almacenista-distribuidor, se deberá acreditar previamente o cumprimento do requisito de capacitación profesional.

Na mesma liña, o Regulamento (CE) nº 1071/2009, do 21 de outubro de 2009, polo que se establecen as normas comúns relativas ás condicións que han de cumprirse para o exercicio da profesión de transportista por estrada e polo que se derroga a Directiva 96/26/CE, establece que unha empresa que exerza a profesión de transportista por estrada nomeará, cando menos, unha persoa física, denominada xestor do transporte, que cumpra os requisitos de honorabilidade e competencia profesional (arts. 3 e 4). Precisamente, para cumprir este requisito de competencia profesional, o artigo 8 dispón que as persoas interesadas estarán en posesión dos coñecementos que responden ao nivel recollido no anexo I, parte I, do propio regulamento. A demostración de tales coñecementos farase mediante un exame escrito obrigatorio sobre as materias que se enumeran no referido anexo.

A Orde do Ministerio de Fomento do 28 de maio de 1999, de desenvolvemento do capítulo I do título II do regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres en materia de expedición de certificados de capacitación profesional, regula a forma e a periodicidade mínima destas probas, cuxo contido e requisitos se axustan aos establecidos no Regulamento 1071/2009. Xa que logo, a falta dunha nova disposición ministerial que efectúe unha actualización dese réxime, de resultar esta necesaria, procede desenvolver as probas consoante o disposto naquela orde, ben que adaptando a denominación á nova nomenclatura usada pola norma comunitaria.

Por outra banda, a convocatoria das probas correspóndelle á Xunta de Galicia con base na delegación de competencias efectuada pola Lei orgánica 5/1987, do 30 de xullo, de delegación de competencias do Estado nas comunidades autónomas en relación cos transportes por estrada e por cable.



A citada orde exige que as probas se convoquen como mínimo unha vez ao ano. A resolución que agora se aproba non só atende esa periodicidade mínima senón que incluso eleva o número de probas que se van celebrar a dúas. Deste xeito, e tendo en conta o intervalo de tempo que se prevé entre elas (arredor de seis meses), multiplícanse as posibilidades dos aspirantes para preparar e acceder ás probas.

En consecuencia, de conformidade coas previsións contidas no Regulamento 1071/2009, do 21 de outubro, na Lei orgánica 5/1987, do 30 de xullo, na Lei 16/1987, do 30 de xullo, no Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, e na Orde do Ministerio de Fomento do 28 de maio de 1999, e de acordo coa autorización conferida pola Orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas do 8 de xuño de 1989,

DISPOÑO:

Artigo único. *Convocatoria das probas*

1. Convócanse probas de constatación da competencia profesional para o desempeño das funcións de xestor de transporte en empresas de transporte por estrada, tanto na súa modalidade de mercadorías como na de viaxeiros, para a Comunidade Autónoma de Galicia e para o ano 2013.

2. As probas desenvolveranse de conformidade coas bases que se indican a continuación:

Primeira. *Calendario das probas*

1. As probas terán lugar preferentemente en sábado, domingo ou festivo abranguido entre:

- Primeira convocatoria: entre o 27 de abril e o 2 de xuño de 2013.
- Segunda convocatoria: entre o 19 de outubro e o 24 de novembro de 2013.

2. Os aspirantes que cumpran os requisitos para presentarse ás probas poderán facelo a calquera das convocatorias, ou ás dúas sucesivamente; igualmente, en calquera delas poderán presentarse á modalidade de xestor de transporte para empresas de transporte de mercadorías por estrada ou á de xestor de transporte para empresas de transporte de viaxeiros por estrada, ou só a unha delas.



Segunda. *Requisitos dos aspirantes*

Para poder participar nas probas de xestor de transporte será preciso ter residencia habitual en Galicia antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Para tal efecto, presumirase que a residencia habitual do aspirante se atopa no lugar en que figure o seu domicilio no documento nacional de identidade en vigor; só se admitirá que o domicilio sexa distinto ao que apareza no referido documento cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

– Que o aspirante acredite que tivo o seu domicilio en Galicia, cando menos, durante cento oitenta e cinco (185) días naturais do último ano, contados desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes para concorrer aos exercicios.

– Que o aspirante acredite que, sen cumprir o requisito do punto anterior, se viu obrigado por razóns familiares ou profesionais a cambiar a súa residencia en Galicia; non obstante, non se entenderá cumprida esta exigencia nin cando se trate de estadias temporais nunha localidade para a realización dunha actividade de duración determinada, nin cando se trate de supostos de asistencia a unha universidade, escola ou centro docente.

Terceira. *Solicitudes*

1. As solicitudes para tomar parte nas probas axustaranse ao modelo normalizado que se recolle como anexo I desta resolución, e que estará dispoñible tanto na guía de procedementos (<http://www.xunta.es/resultados-da-guia-de-procedementos>) como na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>) co código MT312A.

2. Coa solicitude deberase presentar:

a) Fotocopia compulsada do DNI en vigor, no caso de que non preste a autorización para facer a consulta telemática de acordo co disposto nesta base, punto 6. No caso de que o documento non estea en vigor, deberá presentar un xustificante acreditativo da solicitude de renovación.

b) Impreso de taxa de autoliquidación correspondente á Administración.

c) Nos casos nos que, consonte coa base segunda desta resolución, o domicilio que apareza no DNI non estea situado en Galicia, deberá achegar a seguinte documentación, segundo corresponda:

– Certificado actualizado de empadramento, no cal se acredite que o aspirante tivo o seu domicilio en Galicia, cando menos, cento oitenta e cinco (185) días naturais do último



ano, contados desde o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes para concorrer aos exercicios. Para estes efectos, o certificado deberá especificar a data na que o solicitante foi dado de alta no padrón municipal.

– Cando non se estea no suposto anterior, xunto co certificado actualizado de empadroxamento achegárase a documentación que acredite que se viu obrigado a cambiar de residencia por razóns familiares ou profesionais; así, por exemplo, achegárase certificado do centro de traballo ou copia do contrato de traballo.

3. As solicitudes, debidamente cubertas, xunto coa documentación preceptiva, presentaranse no rexistro auxiliar da Dirección Xeral de Mobilidade (Praza de Europa 5A, 2º andar. Área Central, As Fontiñas. 15707 Santiago de Compostela), ou por algún dos medios previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes que se presenten, se é o caso, nas oficinas de Correos, deberán ir en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario correspondente antes de seren certificadas.

De acordo ao establecido no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades delas dependentes, e unha vez aprobada por Orde do 15 de setembro de 2011 sobre a posta en funcionamento da sede electrónica da Xunta de Galicia, as persoas interesadas poderán presentar electronicamente as solicitudes na sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo electrónico <https://sede.xunta.es>. A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente, utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexar a copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. A achega de tales copias implica a autorización á Administración para que acceda e trate a información persoal contida nos correspondentes documentos. As mencionadas imaxes electrónicas carecerán de carácter de copia auténtica.

Neste caso, os solicitantes deberán anexar, ademais, unha declaración responsable de que os documentos escaneados son orixinais e auténticos, sen prexuízo de que se lle poida requirir a exhibición do documento orixinal en calquera momento da tramitación do procedemento, segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de ac-



ceso dos cidadáns aos servizos públicos e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

4. Os prazos de presentación de solicitudes establécense do seguinte xeito:

a) Primeira convocatoria: no prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*;

b) Segunda convocatoria: do 31 de xullo ao 19 de agosto, incluídos ambos os dous días.

5. A non presentación da solicitude e o non pagamento da taxa en tempo e forma suporá a exclusión do aspirante; igualmente, a consignación de datos falsos na solicitude ou na documentación achegada polos aspirantes dará lugar á súa exclusión, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

O enderezo que se faga constar na solicitude considerarase como o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do solicitante tanto o erro na súa consignación como a comunicación á Dirección Xeral de Mobilidade de calquera cambio del.

6. Mediante a presentación da solicitude o interesado autoriza expresamente a Administración pública para acceder aos seus datos de identidade a través dos Sistemas de Verificación de Datos de Identidade e Residencia do Ministerio da Presidencia. Non obstante, poderá denegar ese consentimento, en cuxo caso deberá presentar a copia do DNI nos termos que se indican no punto 2, letras a, desta base.

Cuarta. *Dereitos de exame*

1. De conformidade co Decreto 263/2012, do 27 de decembro, polo que se regulan as condicións da prórroga dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012, aprobados pola Lei 11/2011, do 26 de decembro, e coa Lei 6/2003, do 29 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, para acceder a estas probas deberase aboar, en concepto de taxas por dereitos de exame, a cantidade de vinte e un euros con corenta céntimos (21,40 €), por cada un dos exames aos que o interesado se presente, e por cada convocatoria.

2. O ingreso da/s taxa/s efectuarase en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos pola Comunidade Autónoma de



Galicia; para tal fin, terán que se empregar os impresos de autoliquidación oficiais, que se poderán obter nos servizos centrais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ou da Dirección Xeral de Mobilidade, nos servizos de mobilidade de cada provincia, ou nos departamentos territoriais da consellería.

Os impresos de autoliquidación cubriranse indicando os seguintes códigos:

- Consellería de: MATI; código: 06.
- Delegación de: SS.CC.; código: 13.
- Servizo de: Transportes; código: 02.
- Denominación: dereitos exame capacitación; código: 31 01 06.

3. Así mesmo, o ingreso da/s taxa/s poderá facerse en liña, a través da Oficina Virtual Tributaria dispoñible na web da Consellería de Facenda (www.conselleriadefacenda.es), indicando para o efecto os mesmos códigos sinalados no punto anterior.

Quinta. *Admisión de aspirantes*

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o tribunal encargado de avaliar as probas procederá a revisalas.

Rematado o proceso, exporase no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Mobilidade e na sección de formación da súa páxina web (<http://www.cmati.xunta.es/mobilidade>) a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación do motivo da súa exclusión.

2. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da exposición da devandita lista, para poder emendar, se é o caso, o defecto que motivou a súa exclusión.

3. Unha vez resoltas as reclamacións presentadas, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Mobilidade e na sección de formación da súa páxina web (<http://www.cmati.xunta.es/mobilidade>) a resolución pola que se anuncia a exposición pública das listas definitivas de admitidos e excluídos, nos mesmos lugares e medios nos que se expuxeran as relacións provisionais.

4. Devolveránselles os dereitos de exame aos solicitantes excluídos definitivamente das probas, sempre que o soliciten no prazo dun mes contado a partir da publicación da



resolución citada no punto anterior, empregando para o efecto o modelo que figura nesta resolución como anexo II.

Sexta. *Desenvolvemento das probas*

1. O lugar, a data e a hora de celebración dos exercicios serán acordados polo tribunal e publicados no *Diario Oficial de Galicia* cunha antelación mínima de quince días naturais á data elixida.

Nesta publicación o tribunal completará as instrucións de funcionamento e desenvolvemento das probas coas indicacións que resulten adecuadas para garantir a súa correcta operatividade, sen menoscabo das que, para tal fin, poida adoptar no mesmo momento da súa celebración.

2. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento e perderá o dereito a realizar a proba quen non compareza.

3. Os aspirantes deberán presentarse á realización das probas provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal; a súa omisión dará lugar á súa non-admisión á realización das probas. Recoméndase igualmente que concorran provistos dunha copia da solicitude de admisión e do impreso xustificativo do pagamento das taxas.

Non se permitirá o acceso e tenza no recinto onde se realicen os exercicios de teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico, agás, se é o caso, máquinas calculadoras sen memoria RAM. Do mesmo xeito, queda prohibido o acceso con calquera outro material ou instrumento do que se poidan valer os aspirantes para auxiliarse na realización das probas.

4. Concluído o exercicio, o tribunal establecerá os mecanismos precisos para que os aspirantes poidan obter copia da súa folla de respostas; as respostas que o tribunal estime como correctas publicaranse con posterioridade na sección de formación da páxina web da Dirección Xeral de Mobilidade (<http://www.cmati.xunta.es/mobilidade>).

Publicadas consonte co anterior as relacións de respostas correctas, os interesados disporán do prazo de tres días hábiles para presentar ante o secretario do tribunal as impugnacións que consideren procedentes; no caso de non presentalas directamente ante o secretario, para a súa toma en consideración deberá remitirse, dentro do referido prazo,



copia da impugnación presentada ao número de fax 981 54 43 51 ou ao enderezo electrónico formacion.transportes@xunta.es, dirixida ao secretario do tribunal. Pasado o prazo indicado, non se admitirán novas impugnacións de respostas nin se tomarán en consideración as ditas alegacións respecto da revisión de exames.

5. Á vista das impugnacións presentadas, o tribunal elaborará a relación definitiva de respostas correctas e procederá acto seguido a corrixir os exercicios de acordo con ela. Durante a corrección o presidente adoptará as medidas oportunas para garantir o anonimato dos aspirantes durante todo o proceso.

A relación definitiva de respostas correctas, así como a provisional de aptos e non aptos, serán expostas no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Mobilidade, así como na sección de formación da súa páxina web (<http://www.cmati.xunta.es/mobilidade>). Na resolución do tribunal pola que se proceda á publicación establecerase un prazo de solicitude de revisión de exercicios de cinco días hábiles, para que os interesados fagan chegar ao secretario do tribunal as peticións de revisión; para a súa toma en consideración, as solicitudes de revisión que non se presenten directamente ante o secretario do tribunal deberán adiantárselle a este, dentro do referido prazo de cinco días, mediante a remisión de copia delas ao número de fax 981 54 43 51 ou ao enderezo electrónico formacion.transportes@xunta.es.

Revisados os exercicios, procederá o tribunal a adoptar o acordo definitivo sobre os aspirantes aprobados.

Sétima. *Estrutura e cualificación dos exercicios*

1. Os exercicios de que constarán as probas, a súa estrutura, forma de cualificación e áreas de coñecemento, serán os establecidos na Orde do Ministerio de Fomento do 28 de maio de 1999, pola que se regulan estas probas.

2. Os exercicios constarán de dúas partes:

– Exercicio tipo test, onde se deberán contestar 100 preguntas, cada unha delas con catro respostas alternativas.

– Exercicio práctico, que consistirá en resolver seis supostos que requiran a aplicación das materias do programa a casos concretos; este exercicio poderá responderse mediante unha explicación escrita ou mediante a selección da resposta correcta entre varias indicadas polo tribunal.



En todo caso, a normativa a que se refire o contido do programa será a vixente o último día do prazo de inscrición para cada unha das probas.

3. O tempo dispoñible para a realización dos dous exercicios será de catro horas.

4. Cualificación dos exercicios: os exercicios cualificaranse de cero a dez puntos, consonte coas seguintes regras de valoración:

– No exercicio tipo test, cada resposta correcta valorarase con 0,04 puntos, e cada resposta incorrecta restará 0,02 puntos; as preguntas non contestadas ou que conteñan máis dunha resposta non puntuarán nin positiva nin negativamente.

– No exercicio práctico, cada un dos seis supostos valorarase entre 0 e 1 punto.

Para aprobar o exame, será preciso obter unha puntuación non inferior a 2 na primeira parte nin a 3 na segunda, e que a suma das puntuacións obtidas en ambas as dúas sexa igual ou superior a 6.

Oitava. *Tribunal*

1. O tribunal cualificador das probas convocadas estará integrado polo seguinte persoal da Dirección Xeral de Mobilidade:

Presidente: Antón García Río.

Presidente suplente: Xosé Lluis Fernández Suárez.

Vogais:

Isabel Vila Barbosa.

María Mar Estévez Mosquera.

Pablo Alejandro Amenedo Bermúdez.

Vogais suplentes:

Alfonso Tenorio Aranguren.

Eva Lorenzo Queiro.

Manuel Morato Miguel.



Secretario: David Conde Varela.

Secretario suplente: Manuel Eiras Abeijón.

2. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto para os órganos colexiados nos preceptos básicos da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Os membros suplentes do tribunal participarán, xunto cos titulares, cando sexa preciso para o bo desenvolvemento das probas.

3. As sesións do tribunal faranse constar en actas sucintas que se autorizarán coa sinatura do secretario e o visto e prace do presidente.

4. O tribunal adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario, de forma que os aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para a realización dos exercicios ás dos restantes participantes. Neste sentido, estableceranse para as persoas con discapacidade que o soliciten as adaptacións posibles de tempo e/ou medios para a súa realización.

Para a materialización destas previsións, os aspirantes cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 % deberán indicalo na solicitude, especificando claramente tanto a porcentaxe de discapacidade que teñen recoñecida oficialmente como o órgano que realizou tal recoñecemento. En caso de que este órgano non dependa da Xunta de Galicia, deberán xuntarse á solicitude os documentos xustificativos da discapacidade. Así mesmo, deberán incorporar á solicitude escrito motivado indicando as adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria.

5. O presidente do tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios se corrixan a través de medios automatizados, utilizando para iso os impresos adecuados.

6. Para os efectos do Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG nº 122, do 25 de xuño), cualifícase o tribunal como de categoría primeira.

Novena. *Expedición dos certificados*

Concluída a cualificación das probas, o tribunal remitirá á Dirección Xeral de Mobilidade a relación definitiva de aprobados, para os efectos de expedir os certificados de competen-



cia profesional para o desempeño das funcións de xestor de transporte en empresas de transporte por estrada.

Décima. *Información aos interesados*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Mobilidade, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da dirección xeral (www.cmati.xunta.es/mobilidade), sección de formación.

b) Os teléfonos 981 54 45 02 e 981 54 45 85, da devandita dirección xeral.

c) Enderezo electrónico: formacion.transportes@xunta.es

Disposición derradeira. *Recursos*

Contra esta resolución pode interpoñerse recurso de alzada ante o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, consonte o previsto polo artigo 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo de calquera outro que a persoa interesada considere pertinente.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2013

Miguel Rodríguez Bugarín
Director xeral de Mobilidade





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PROBAS DE CONSTATAÇÃO DA COMPETENCIA PROFESIONAL PARA O DESEMPEÑO DAS FUNCIÓNS DE XESTOR DE TRANSPORTE	MT312A	SOLICITUDE

A. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO (RÚA, Nº E ANDAR) LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non necesario se coincide co anterior)

ENDEREZO LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

B. PROBAS ÁS QUE SE PRESENTA

TRANSPORTE INTERIOR E INTERNACIONAL DE MERCADORÍAS.

TRANSPORTE INTERIOR E INTERNACIONAL DE VIAXEIROS.

(Sinala cun X o/s cadro/s que corresponda/n. De non marcar ningún, considerárase incluído nas probas de mercadorías)

Discapitado/a: SI Porcentaxe: %

Adaptacións de tempo e/ou medios que solicita:

A este impreso xuntaráse:

a) Copia compulsada do DNI en vigor ou, se é o caso, xustificante da súa renovación (só necesario en caso de non prestar o consentimento para facer a consulta telemática).

b) Impreso de liquidación de taxas. Este pode recollerse na Dirección Xeral de Mobilidade, Servizos de Mobilidade de cada provincia ou nos departamentos territoriais da consellería, e cubrirase cos seguintes datos:
CONSELLERÍA: MATI CÓD.: 06 DELEGACIÓN: SSCC CÓD.: 13
SERVIZO DE MOBILIDADE CÓD: 02 DENOMINACIÓN: DEREITOS DE EXAME CAPACITACIÓN TRANSPORTISTA CLAVE: 31.01.06

c) De ser o caso, xustificación de ter o enderezo en Galicia, conforme a base terceira, punto 2, letra c).

d) Documentación xustificativa de padecer unha discapacidade (só no caso de que o órgano que realiza tal recoñecemento non dependa da Xunta de Galicia).

Autorizo a consellería, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

SI NON (no caso de non dar esta autorización debe anexar copia compulsada do DNI)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 4 de febreiro de 2013, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se convocan probas de constatación da competencia profesional para o desempeño das funcións de xestor de transporte en empresas de transporte por estrada.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

, de de

Presidente do tribunal cualificador das probas de constatación da competencia profesional para o desempeño das funcións de xestor de transporte
Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

CVE-DOG: e1qj2xt0-jxz5-qnv3-asa0-ncphbmgpodp4



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

ANEXO II

PROCEDEMENTO DEVOLUCIÓN DAS TAXAS DE DEREITOS DE EXAME DAS PROBAS DE CONSTATAÇÃO DA COMPETENCIA PROFESIONAL PARA O DESEMPEÑO DAS FUNCÍONS DE XESTOR DE TRANSPORTE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MT312B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO DNI

ENDEREZO (RÚA, Nº E ANDAR) LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non necesario se coincide co anterior)

ENDEREZO LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

SOLICITO

A devolución dos dereitos de exame correspondentes á seguinte convocatoria das probas de xestor de transporte.

ANO CONVOCATORIA 1ª 2ª

IMPORTE

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que son veraces os datos que se consignan na solicitude relativos á conta bancaria na que se efectuará o pagamento, así como que o solicitante é o titular.

DATOS DA CONTA BANCARIA

NOME DA ENTIDADE CÓDIGO CONTA CORRENTE

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 4 de febreiro de 2013, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se convocan probas de constatación da competencia profesional para o desempeño das funcións de xestor de transporte en empresas de transporte por estrada.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

, de de

Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

CVE-DOG: e1qj2xt0-jxz5-qnv3-asa0-ncphbmgpodip4



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>